# El Foroboi mostró cómo la arqueología ayuda a localizar las juderías de Allariz

LA VOZ | OURENSE

■ Allariz celebra hoy la Proba do Boi con la que inicia formalmente su fiesta más famosa. Será a las 20.30 horas, seguida de pasacalles y ronda de vinos. A medianoche actuará Quempallou. Pero antes, al mediodía, rematará el Foroboi con una ponencia del director del Museo Sefardí de Toledo, que hablará del patrimonio hispano-judío.

Ayer intervino Cristina Varela para mostrar cómo la arqueología verifica las teorías sobre las juderías de Allariz. Proyectó el plano hipotético del Allariz de los siglos XIII al XV señalando los posibles asentamientos que pudieron estar cerca de la iglesia de San Pedro y aledaños de Vilanova. Hubo un segundo momento que nos llevaría a Socastelo y a la zona de O Couto y una última etapa, en el siglo XVI, con vestigios de viviendas de conversos en la Vila. Varela reconoció el trabajo de estudiosos locales como José Puga Brau y Cid Rumbao.

A investigación pertence ó plan galego de nomes xeográficos

# O municipio de Riós presentou os seus 4.200 topónimos

*É o primeiro concello da provincia en amosar o estudo coordinado por Vicente Feixoo*

**Jesús Manuel García**
OURENSE

■ O Concello de Riós é o primeiro da provincia onde se presentou o plan de toponimia galego que, no que concerne a este municipio, está rematado. Onte fíxose a presentación cunha mostra de vinte fotografías aéreas nas que aparecen os 4.200 topónimos rexistrados en este municipio. O coordenador do traballo é o lingüista Vicente Feixoo Ares, natural de Riós e responsable dos traballos de campo en toda a comunidade.

Os asistentes ó acto decatáronse do interese que se agocha neste nomes. Así aparecen nomes de animais como Aguieira, Guiocho, referentes á presenza de aguias; a Palada osa, pena Lobeira, val dos Lobos, Foxos. Vicente Feixoo sinalou como outros nomes fan referencia a propiedades do Conde de Monterrei como A Touza do Conde.

Hai referencias a templos que hoxe non existen como os nomes xeográficos de A Igrexa ou A Capela. «A xente quedou sorprendida vendo as fotos e escoitando todas estas curiosidades», sinalou Feixoo. Aparecen topónimos que aluden a lendas como Fonte da Moura ou Peneda dos Mouros. Hai incluso nomes que recordan ó lobishome e así, segundo di o lingüista, vese o lugar de Lishome, o que quere decir que alí algo pasou tempo atrás. Otras palabras fan referencia ó home do unto.

## Conservación

«O obxectivo deste proxecto galego é conservar o patrimonio lingüístico e cultural da toponimia. As aldeas estanse quedando sen xente e quenes son os principais informadores destes nomes son os vellos», manifesta Vicente Feixoo. O fin é inmortalizar a riqueza da toponimia. Por algo Galicia é a comunidade autónoma con máis riqueza de nomes e variedade. Conta con máis de 37.000 núcleos de poboación e non se pode esquecer que o galego dalle nome a cada recuncho de terra.

Os veciños de Riós ven agora como mentras eles din ardilla, os seus antepasados dicían esquío, porque así consta en dous lugares chamados deste xeito: Esquío e Os Esquíos. Hoxe din culebra pero a toponimia do seu concello da o nome de Val de Quiobras. «Quiobra era o nome medieval da culebra». Pasa o mesmo cos fentos, aparecendo lugares chamados Filgueiro ou Folgueiro, que tamén se conservan.

E por ser Riós un municipio fronteirizo con Portugal, non lle falta un lugar chamado A Fraga da Vela, lugar onde está a pedra desde a que se velaba a Raia.

Na provincia de Ourense están rematados tamén os traballos toponímicos de A Gudiña, A Mezquita, Vilariño de Conso, Celanova, Verea e Quintela de Leirado. Estase traballando nestes días en Manzaneda, Trives e Castro Caldelas. En Galicia hai 50 concellos xa rematados e estase recollendo información noutros tantos.

# La Universidad edita una guía con consejos para tratar a alumnos discapacitados

LA VOZ | OURENSE

■ Implicar a toda la comunidad universitaria en la integración de los discapacitados es el objetivo de la guía editada por la Universidad de Vigo con el objetivo de dar consejos a estudiantes y profesores sobre cómo tratar a estas personas en las aulas.

Distribuir los asientos en forma de U si hay algún compañero sordo, facilitar los apuntes con antelación o caminar de determinada manera junto a una persona ciega son algunas de las orientaciones que, de ser puestas en práctica, harán la vida más fácil a los discapacitados y que están recogidas en una carpeta de la que se han editado dos mil ejemplares.

Los alumnos de la Universidad que al matricularse se identifican como discapacitados reciben ayuda personalizada, atención psicológica y apoyo en los desplazamientos y la toma de apuntes. Además, tienen acceso a becas de estudio específicas.